

Madrygal 2001-2005: subir ao tren en marcha

Miguel LOUZA OUTEIRO

Como un tren que está en marcha, e que eu tiña que apañar, foi como se me presentou *Madrygal*. Coñecía a revista como lector esporádico de artigos, recensións e dalgunha entrevista, mais o feito de terme que involucrar totalmente para facer que saíse anualmente pareceume arduo. Ante as dúbidas iniciais dediqueime a traballar abondo para poder cumprir os prazos porque a locomotora cos seus vagóns xa estaba montada e tiña raís por onde circular, só faltaban os pasaxeiros que en forma de artigos, crónicas, relatos, poemas, traducións, entrevistas e recensións ían viaxar nesta nave chamada *Madrygal*. Efectivamente o traballo realizado nos anos anteriores por Ana Acuña, a anterior lectora, axuda permanente durante estes anos e auténtica *alma mater* do proxecto, e pola profesora Carmen Mejía, facía que todo fose moito máis doado.

Unha vez que o proxecto se foi asentando en min todo foi máis levadeiro, que non sinxelo, porque o feito de procurar distintas colaboracións que se adaptasen aos principios da revista, aínda sendo estes amplos e flexíbeis, sempre supuxo facer equilibrios imprescindíbeis no camiñar da revista.

Durante todo este tempo tiveron a sorte de encontrar no traballo diario alumnado traballador e entusiasta que se incorporou ao estudo da lingua, da literatura e da cultura galegas con pasmosa facilidade, e mesmo con brillantez.

Intensa tamén foi a axuda e complicidade dos profesores máis próximos no espazo da facultade e no espírito da revista que tiveron durante estes anos.

Igualmente, foi moi relevante a colaboración cariñosa e constante de moitos participantes na tertulia mensual do Café Comercial que estiveron sempre dispostos a que *Madrygal* chegase ao seu

destino. Así moitos escribiron na revista, moitos foron os seus publicistas e tamén defensores do seu espírito aberto e galego.

Co paso do tempo todo se foi facendo máis doado porque moito do noso traballo batía en moitas ocasións coas augas profundas e libres da amizade, co que a miña función fíxose non só máis fácil, senón tamén máis agradábel. Ao que tamén axudaba o asentamento e o recoñecemento da revista en moitos ámbitos.

Durante estes anos, alén de continuar coas liñas trazadas nos inicios da revista, procurouse ampliar o abano de temáticas referidas á realidade cultural galega, co fin de conseguir imprimirlle á revista maior modernidade e actualidade, xa que o formato e a presenza física non permitía maiores avances. Así, apostouse por incorporar artigos sobre temáticas variadas e incluso polémicas (ou “non ben vistas” noutras publicacións), á vez que se procuraba incrementar a presenza da nosa lingua, como o cinema, a arte, a terminoloxía lingüística, a situación do galego na Franxa Leste ou as relacións lingüísticas entre a Galiza e Portugal.

Foron tamén obxectivos da revista durante este tempo a promoción e incorporación de escritores novos ou inéditos, así como colaboracións daqueles que máis estaban a innovar no sistema literario galego. Tamén as traducións de poetas, narradores e dramaturgos contemporáneos para a nosa lingua se converteu nun obxectivo perseguido.

En fin, a memoria dilúe as dificultades e agranda o máis compracente da motivadora experiencia de contribuír a que *Madrygal* continuase a ser unha realidade cada vez máis plural, aberta e actual. Ese foi o noso traballo e a nosa ilusión.